

O Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa convoca a

11 Mostra Internacional Gas Natural Fenosa

BASES:

1_PARTICIPANTES

Poderá tomar parte nesta Mostra, cunha soa obra, cualquera persoa física sen máis limitación que as impostas pola legalidade vixente.

2_PRESENTACIÓN

Os artistas deben enviar antes do día **30 de maio de 2010** a seguinte documentación:

- Folla de inscrición, ficha técnica e aceptación das bases correctamente cumprimentada (a súa disposición na web do Museo www.macuf.com).
- Entre tres e seis fotografías da obra presentada a concurso en tamaño DIN A4.
- Texto explicativo da obra non superior a 20 liñas (o MACUF reservase o dereito a súa reprodución).
- Breve currículo (por orde cronolóxica partindo da actividade máis recente) non superior a medio folio.
- Breve dossier artístico con fotos de obras recentes.

***Toda esta documentación debe enviarse en formato DIN A-4 e non se aceptarán carpetas, fundas, cajas, clips, grapas...**

***Non se aceptará esta documentación en formato dixital, excepto no caso de que se trate dun vídeo.**

3_OBRAS

- Admitiranse tódalas técnicas e procedementos, así como tódalas tendencias ou correntes estéticas.
- **As obras deben ser inéditas**, non poden ter sido presentadas a ningún outro concurso e en ningún caso ter sido expostas.
- **Pintura e fotografía:** as obras presentaranse montadas sobre soporte ríxido sen enmarcar, ou en todo caso cun listón ou moldura de madeira que non supere os 2 cm. Non se admitirán obras realizadas en materiais perigosos para a súa integridade ou transporte, nin tampouco protexidas con cristal.
- **Escultura:** o seu peso non poderá exceder os 100 kg.
- **Formato audiovisual:** deberán incluírse indicacións técnicas sobre a forma correcta de exhibirse e a copia debe ser en formato CD ou DVD compatible con Windows XP.

*** Na primeira fase do concurso o xurado seleccionará as obras sobre a documentación que presente o artista.**

*** Nesta fase non se presentaran obras orixinais, excepto no caso de que se trate dun vídeo.**

11 MOSTRA

4_PROCESO DE SELECCIÓN

Preselección:

- Unha vez recibida a documentación nas dependencias do **Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (Avda. de Arteixo 171 - 15007 - A Coruña)**, o xurado fará unha preselección.
- O MACUF fará pública a preselección do xurado entre os días 21 e 26 de xuño de 2010 a través da súa páxina web **www.macuf.com**, en donde se indicará o periodo de recepción das obras preseleccionadas, que solo serán aceptadas na data convida.

Selección:

- De entre as obras recibidas no prazo indicado, o xurado realizará a selección definitiva.
- As obras seleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición que se inaugurarán no mes de xullo de 2010.
- As obras integrantes desta exposición serán recollidas nun libro-catálogo para a mellor difusión da Mostra, así como na páxina web do MACUF.

5_PREMIOS

- Concederanse tres premios. As dotacións económicas destes serán:
 - 18.000€ para o primeiro premio
 - 12.000€ para o segundo premio
 - 8.000€ para o terceiro premio
- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

6_XURADO

- O xurado da 11 Mostra Internacional Gas Natural Fenosa estará composto por:
 - **Kosme de Barañano** (Catedrático en Historia da Arte, comisario de exposicións e crítico de arte)
 - **Carlos Cánovas** (Fotógrafo)
 - **Antón Castro** (Profesor de Historia da Arte na Universidade de Vigo e comisario de exposicións)
 - **Miguel von Hafe** (Director do CGAC)
 - **Teresa Ocaña** (directora do Museu Nacional d'Art de Catalunya)
- O MACUF reservase o dereito a substituír a calquera dos membros do xurado en caso de que algún deles non poida asistir as deliberacións.
- A decisión do xurado farase pública a partir do día 20 de xullo na web do Museo **www.macuf.com**.
- A decisión do xurado será inapelable e a el corresponde resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases.



7_CONDICIÓNS

- Os gastos de embalaxe e transporte correrán a cargo do artista. As obras deberán vir cos **portes pagados para a ida e a volta**, ditas obras poderán ser enviadas por calquera medio de transporte ou depositándoas persoalmente nas dependencias do Museo. O **embalaxe** debe asegurar a integridade da obra e ser **reutilizable**, desta forma a devolución das obras seleccionadas levarase a cabo no mesmo embalaxe.
- En ningún caso se aceptarán obras en mal estado ou que no ofrezan todos os elementos necesarios para a súa correcta exposición.
- As obras premiadas e todos os seus dereitos pasarán a ser propiedade da Colección de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa.
- As obras seleccionadas non premiadas retiraranse a partir da clausura da exposición nun prazo máximo de quince días. Poderán retirar as obras os seus autores, outra persoa autorizada ou unha axencia de transportes.
- O feito de non retirar as obras implicará a cesión das mesmas por parte dos seus autores a unha institución cultural ou docente, autorizándose expresamente o Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa a efectuar a entrega das mesmas. O MACUF non responderá de perdas, roturas, roubos, danos ou calquera outro desperfecto que poidera producirse. En ningún caso as obras pasarán a formar parte da Colección de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa.
- O MACUF emitirá una póliza de seguro que cubrirá as obras durante a súa estancia no Museo.
- O MACUF porá o máximo celo no coidado das obras recibidas pero declina toda responsabilidade por eventuais danos, extravíos, roubos ou calquera outra circunstancia que poidera producirse durante o seu envío e devolución.
- Os artistas seleccionados autorizarán que se cite o seu nome, así como a reprodución gráfica da súa obra para calquer tipo de difusión ou publicación que o MACUF considere oportuno facer.
- A participación na Mostra implica a total aceptación destas bases e a conformidade coa decisión do xurado.

*** A organización reservase o dereito a facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras que afecten directamente ao éxito do certame. A interpretación das bases é cometido exclusivo dos membros do xurado.**

PREMIO JULIÁN TRINCADO

O Concello de A Coruña, dentro da presente edición da 11 Mostra Internacional Gas Natural Fenosa, convoca o Premio Julián Trincado, dotado con 7500€, conforme ás seguintes bases:

- O premio outorgarase á mellor obra de autor galego presentada á Mostra.
- O premio será único, no podendo ser dividido.
- O premio no poderá ser declarado deserto.
- O xurado será o da correspondente edición da Mostra, integrándose no mesmo un representante municipal designado pola alcaldía.
- O dictame do xurado será inapelable.
- A peza gañadora pasará a ser propiedade del Excmo. Concello de A Coruña.



XACOBEO 2010
Galicia

museo de artecontemporáneo